

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa pola prestación do servizo de sumidoiros, a que se refire o artigo 20.4 r) do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado real decreto legislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización ou prestación dalgún dos servizos seguintes:

1. A utilización da rede de sumidoiros municipal para a evacuación de excretas, augas negras, pluviais e residuais en beneficio dos predios situados no termo municipal, sendo obrigatorio que os seus desaugadoiros e as acometidas se verifiquen á rede xeral ou aos seus ramais, calquera que sexa o lugar en que se localicen.
2. A prestación do servizo de vixilancia, inspección e limpeza obrigatoria da rede de sumidoiros particular, fosas sépticas e pozos negros.
3. En xeral, todos aqueles servizos propios do obxecto desta ordenanza que sexan provocados polos interesados ou que especialmente redunden no seu beneficio, aínda cando estes non solicitasen a súa prestación e que, sendo de competencia municipal, teñan carácter obrigatorio en virtude de precepto legal ou regulamentario.

ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.

1.Son obrigados tributarios contribuintes as persoas físicas e xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria que sexan:

- a)Respecto do servizo de rede de sumidoiros e de vixilancia e inspección da rede de sumidoiros particular, as persoas que aparezan como beneficiarios e usuarios deles, presumíndose que ostentan tal condición os que consten como titulares para os efectos do abono ao servizo de abastecemento de auga aos inmobles.
- b)Respecto do servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros, os propietarios das instalacións nas que se presta.
- c)Nos servizos de acometida, o solicitante ou, de non mediar autorización, quen a realizase, e se fose descoñecido, o propietario do inmovible beneficiado.
- d)En xeral, quen resulte beneficiado ou provoque a prestación dos servizos a que se refire esta ordenanza.

2.Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.

3.Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os sindicatos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 4. BASE DE GRAVAME.

A base do presente tributo virá determinada:

- a)En canto ao servizo de rede de sumidoiros, vixilancia e inspección do que sexa particular, polo volume de auga consumida, medida por contador, segundo a facturación realizada polo servizo municipal de augas, coas medidas correctoras precisas cando existe unha manifesta desproporción entre o consumo de auga e o vertido á rede de sumidoiros.
- b)En caso de que os predios ou actividades dispuxesen do servizo de rede de sumidoiros e non do servizo de augas, tomarase como base imponible a que figure nos padróns do imposto sobre bens inmobles. Se non figurasen en tales documentos, a base determinarase en función da valoración realizada por técnicos municipais.
- c)Nas novas acometidas, polo número de vivendas, locais comerciais e industriais situados en cada inmovible.
- d)No servizo de limpeza de fosas sépticas e pozos negros, así como outros servizos previstos nesta ordenanza, o suxeito pasivo aboará o custo do persoal e material utilizado para a prestación do servizo.

ARTIGO 5. TARIFAS.

Aplicaranse as seguintes tarifas:

PRIMEIRO: ORDINARIAS

EUROS

- | | | |
|-------|---|-------|
| 1 | Inmobles que dispoñan de servizo domiciliario de auga: | |
| 1.1 | Cota de dispoñibilidade do servizo para consumo doméstico, ao trimestre | 1,27 |
| 1.2 | Por cada m.3 de auga consumida en usos domésticos, a partir de 18 m.2 | 0,14 |
| 1.2.1 | Primeiros 18 m.3 consumidos nos mesmos usos domésticos | 0,10 |
| 1.3 | Inmobles e locais con actividade que xera un consumo non doméstico, por m.3 de auga consumida | 0,17 |
| 1.4 | Naquelas actividades en que se xustifique, mediante a achega dos estudos técnicos oportunos, a existencia dunha manifesta desproporción entre o volume de auga consumida e a utilización do servizo de rede de sumidoiros (por ex. fabricación de pan, bebidas e outras análogas), a tarifa que sexa de aplicación multiplicarase polo coeficiente 0'6. | |
| 2 | Inmobles que non dispoñen do servizo de abastecemento de auga. Tipo de gravame que se aplicará sobre a base liquidable | 0,11 |
| 3 | Por cada acometida á rede xeral. Por cada vivenda ou local situado no inmovible | 18,20 |

4 Limpeza de fosas sépticas e pozos negros, así como outros servizos que preste o Concello en materia de rede de sumidoiros; a unidade xestora formulará a conta de persoal e material utilizado conforme aos datos facilitados polo Servizo de Rede de sumidoiros, e procederase á liquidación correspondente ás persoas obrigadas ao pago.

5 Permiso de vertido á rede municipal de acordo coa Ordenanza de Vertidos 300,00

SEGUNDO: REDUCIDAS

1. Tributarán por cota cero, na tarifa de vivenda, os contribuíntes beneficiarios da Renda de Inserción Social de Galicia e os acollidos a réximes protectores de carácter público análogos ao mencionado e aqueles suxeitos pasivos que acrediten que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non rebasan o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM).

2. Naqueles casos nos que o suxeito pasivo acredite que os ingresos familiares, obtidos por calquera concepto, non rebasan a cantidade de multiplicar o Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples (IPREM) por 1,5, a cota tributaria será o resultado de multiplicar o coeficiente de 0,25 pola tarifa prevista para as vivendas.

Para ter dereito á obtención destes beneficios, o interesado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Que o suxeito pasivo sexa titular do contrato de subministro de auga con EMALCSA.

- Que o suxeito pasivo se encontre empadroado e resida na vivenda para a que solicita o beneficio.

- Os ingresos familiares entenderanse como ingresos na unidade convivencial, entendendo por tales os dos empadroados así como aqueles que residan habitualmente na vivenda e poidan xustificarse por calquera medio válido en Dereito. Os efectos do cálculo dos ingresos consideraranse os do exercicio da solicitude da bonificación no caso de pensións ou prestacións sociais e os do exercicio anterior no caso de salarios ou outros rendementos. Estes exercicios serán os de comparación co IPREM

ARTIGO 6. PERIODO IMPOSITIVO E COBRANZA DAS COTAS.

1. As cotas que resulten da aplicación das tarifas do epígrafe 1 do artigo anterior terán carácter trimestral e a liquidación efectuarase polo sistema de autoliquidación a través do recibo emitido por EMALCSA. Os prazos para a presentación da autoliquidación e pago serán os mesmos que os establecidos para o subministro de auga, no art. 15 da Ordenanza Reguladora da Prestación Patrimonial de Carácter Público non tributaria polo Subministro e Utilización de Auga Potable e Servizos Auxiliares no Termo Municipal da Coruña.

2. As cotas liquidadas conforme ao previsto no epígrafe 2., agrúpanse nun Padrón que se cobrará por ano. Neste suposto, a cota non será reducible e xerárase integramente o primeiro día do ano natural, calquera que sexa o momento en que se empece a prestar o servizo.

3. As cotas correspondentes aos epígrafes 3 e 4 recadaranse por ingreso directo cando se solicite ou produza o aproveitamento ou a prestación do servizo, e esixírase o depósito previo do seu importe cando sexa posible determinar previamente a súa contía. Poderá establecerse o réxime de autoliquidación.

ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Os propietarios de edificios e vivendas ou, se é o caso, os usuarios do servizo están obrigados a presentar nas oficinas municipais as oportunas altas que orixinan a obriga de contribuír.

2. Igual obriga existirá nos cambios de titularidade dun edificio, vivenda ou local e cando se produzan variacións físicas ou xurídicas que teñan transcendencia na orde tributaria.

Os impresos correspondentes facilitaranse na oficina municipal de información.

3. Para os efectos de aplicación da tarifa 1, as altas e baixas que se produzan no servizo de augas, producirán efectos automáticos respecto da taxa de rede de sumidoiros.

Cando a alta, baixa ou variación do Padrón se deriva da solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modifica os datos consignados polo propio obrigado tributario, non será necesaria a notificación expresa da alteración.

4. Tratándose de inmobles que non dispoñen de servizo domiciliario de auga, as altas producirán efectos o mesmo ano en que se produzan e as baixas no ano seguinte a aquel en que se declaren. Unhas e outras deberán ser postas en coñecemento da oficina xestora da taxa dentro dos quince días seguintes a aquel en que se produzan.

5. Cando a cobranza se realice conxuntamente co servizo de augas, as cotas entenderanse notificadas a través do recibo emitido por EMALCSA.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Primeira: A partir do 1 de xaneiro e ata o 31 de marzo do 2020 poderán presentarse solicitudes para que sexan de aplicación no exercicio 2020, as tarifas reguladas no punto segundo do artigo 5 da presente Ordenanza. Unha vez rematado dito prazo, as solicitudes terán efectos para o período impositivo seguinte.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de sete artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 07 de novembro de 2019, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2020 e producirá efectos mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

